



Concello de Vigo
Expte. 5231/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 21/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 10 DE DECEMBRO DE 2025

ORDE DO DÍA

UNICO.- INTEGRACIÓN DA UAD CEDRO DO CONCELLO DE VIGO NO SERGAS. EXPTE. 3065/315 (EXPTE. PLENO 5228/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
(asistencia telemática).
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 1 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos (10:05) do día dez de decembro do ano dous mil vinte e cinco (10/12/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar o asunto incluído na orde do día.

UNICO.(204). INTEGRACIÓN DA UAD CEDRO DO CONCELLO DE VIGO NO SERGAS. EXPTE. 3065/315 (EXPTE. PLENO 5228/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de 28 de novembro, o xefe da Área de Benestar Social e o Asesor Xurídico adxunto co conforme da concelleira da Área de Benestar Social e Participación Cidadá, emiten o seguinte informe proposta,

«I. ANTECEDENTES

I.1. As atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir en materia de política social derivan tanto da lexislación de réxime local (Arts. 25.1, 25.2, 26 e ccdtes. L.7/1985 – LRBRL; Arts. 80.2.k) e 81.c) L.5/1997 – LALGA), como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais; nomeadamente, na L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

I.2. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

I.3. O Concello de Vigo ven prestando desde hai 40 anos (1985-2025) o servizo de atención ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” (CEDRO). Este servizo integra elementos de carácter social (promoción e reinserción social das persoas usuarias) con outros de natureza sanitaria e asistencial.

I.4. As UADs reguláronse inicialmente por Orde da Consellería de Sanidade do 7 de xullo de 1988, atribuíndolle a condición de centro-establecemento sanitario asistencial e, mediante outra Orde do 12 de marzo de 2007 (DOG nº 62, do 28.03.2007), dispúxose que os centros de atención ás drogodependencia non alcohólicas que recibisen financiamento da Comunidade Autónoma (como é o caso de CEDRO),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 2 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deponderían funcionamente, en canto a desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

I.5. Existen diversas recomendacións dos expertos nesta materia no sentido de que este tipo de centros debían integrarse, funcional e organicamente, nos servizos de atención primaria das CCAA ou, de ser o caso, de atención especializada – saúde mental (Vid., p.ex., o «Informe de la Ponencia de estudio sobre sistemas de tratamiento y atención en drogodependencias. Claves para el Futuro», elaborado pola “Comisión mixta Congreso-Senado para el estudio del problema de las drogas”; publicado no “Boletín Oficial de la Cortes Generales” nº 432, do 31.05.2011 e ratificado por unanimidade tanto polo Congreso dos Deputados como polo Senado).

Como acertadamente apuntara o especialista Victor Pedreira Crespo (“Normalización de la atención sanitaria al drogodependiente”, Senado, abril 2010):

«Al tratarse de enfermedades, lo lógico es que sea el sistema sanitario público el responsable de ofrecer la atención necesaria, en igualdad de condiciones que a cualquier otra enfermedad. Así se recoge en la Recomendación Novena del Acuerdo de la Comisión Mixta para el Estudio del Problema de las Drogas, relativo al informe de la Ponencia para el estudio de los efectos nocivos de las drogas en la salud de los jóvenes: “El Sistema Nacional de Salud debe asumir la asistencia al drogodependiente en términos de igualdad y equidad con el resto de pacientes”. Del mismo modo, la Oficina de las Naciones Unidas para el Control de la Droga y la Prevención del Crimen (UNDCP) también considera esencial la integración de los servicios de tratamiento y rehabilitación de drogodependientes en los sistemas sanitarios generales, rechazando la creación de redes paralelas o específicas».

De feito, a L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, dispón que os poderes públicos da Comunidade Autónoma deben garantir, nas mesmas condicións que ó resto da poboación, o proceso de atención ás persoas drogodependentes nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e obrigas que establece a normativa básica e autonómica sobre a materia.

I.6. Nesta mesma liña, o RD.1030/2006, do 15 de setembro, polo que se estableceu a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, incluíu o tratamento das condutas aditivas dentro da atención á saúde mental e, de acordo coa L.8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a saúde mental e a atención ás drogodependencias son incorporadas dentro da asistencia como calquera outro aspecto de saúde, deixando de ser consideradas como prestacións sanitarias independentes.

I.7. O custo para o Concello de Vigo do servizo socio-sanitario prestado por CEDRO ascendeu, en 2024, a 1.325.417,08 €, dos que 364.362,03 € corresponden a gastos de persoal e a subvención da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a 543.910,77 €.

I.8. A Disposición transitoria primeira da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local (LRSAL), preveía xa que, logo da súa entrada en vigor e de acordo coas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas Locais, as CCAA deberían asumir a titularidade das competencias que se preveían como propias do municipio, relativas á «participación na xestión da atención primaria da saúde». Para estes efectos e no prazo máximo de 5 anos desde a entrada en vigor da LRSAL, as CCAA deberían asumir de forma



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 3 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

progresiva, un 20% anual, a xestión dos servizos asociados ás competencias sanitarias, debendo elaborar un plan para a avaliación e reestruturación dos servizos.

Con todo, este precepto foi declarado inconstitucional e nulo pola STC 41/2016, do 3 de marzo de 2016

I.9. Sen prexuízo do anterior, a Disposición transitoria primeira da L.14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establecía que *"as corporacións locais que na actualidade dispoñen de servizos e establecementos sanitarios que leven a cabo actuacións que na presente lei se adscriban aos servizos de saúde das comunidades autónomas establecerán, de mutuo acordo cos gobernos das comunidades autónomas, un proceso de transferencias daqueles"* e, en virtude do Decreto 133/1989, do 6 de xullo, creouse a Comisión mixta coas Corporacións locais para o traspaso dos centros, servizos e establecementos sanitarios dependentes destas á CA de Galicia, establecendo a súa composición, funcións e normas de funcionamento.

Así, a Comisión Mixta prevista no citado Decreto adoptou o acordo de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes no territorio desta comunidade, entre as que se inclúe a UAD – CEDRO do Concello de Vigo.

I.10. A fin de materializar o acordado pola Comisión que, en todo caso, precisará da aprobación do Consello da Xunta de Galicia e do órgano competente das Corporacións Locais implicadas, elaboráronse polos responsables da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia os borradores do *"Decreto/2025, do, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia"* que foron remitido a este Concello, por correo electrónico, vía FEGAMP, o 14.11.2025 e por Rexistro electrónico o 25.11.2025 (Doc. nº250339484).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 4 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.
- L.8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- L.14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- RD.1030/2006, do 15 de setembro (carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde).
- Decreto 447/1996, do 26 de decembro (bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das CCLL, do persoal pertencente ó SERGAS con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo).
- Decreto 133/1989, do 6 de xullo (Comisión mixta coas CCLL para o traspaso dos centros, servizos e establecementos sanitarios dependentes destas á CA de Galicia).
- Orde da Consellería de Sanidade do 7 de xullo de 1988 (regulación das UADs).
- Orde da Consellería de Sanidade do 12.03.2007, de integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no SERGAS.

III. INFORME

III.1. O contido substancial da proposta efectuada pola Comisión Mixta, suxeita á aprobación do Consello da Xunta e dos órganos plenarios das respectivas CCLL, pode sintetizarse nos seguintes puntos:

- 1) A Comisión Mixta acordou que se traspasen ó SERGAS os servizos e os medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes en Galicia.
- 2) Quedarían traspasados á Admón. Autonómica galega, e asumidos por esta, os servizos e os medios persoais e materiais que se relacionan no acordo aprobado, así como os dereitos e deberes dimanantes de dito traspaso, nos termos e condicións recollidos naquel.
- 3) Os bens inmobles de titularidade municipal nos que se sitúan as Unidades Asistenciais de Drogodependencias seguirán pertencendo ó patrimonio das entidades locais a todos os efectos, sen prexuízo da posta a disposición do seu uso ó SERGAS a través da formalización do documento administrativo que corresponda de conformidade coa normativa en materia de patrimonio das Administracións públicas.
- 4) O traspaso dos medios persoais axustarase en todo caso ó establecido no Decreto 447/1996, do 26 de decembro, polo que se establecen as bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das Corporacións locais, do persoal pertencente ó SERGAS con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo.
- 5) Quedan tamén englobados no traspaso aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas Corporacións municipais con anterioridade ó acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 5 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas UAD.

- 6) Adscribíense ó SERGAS os servizos e os medios persoais e materiais asumidos. A Consellería de Sanidade e o SERGAS exercerán as funcións dimanantes das súas respectivas competencias, en relación ós servizos e medios persoais e materiais traspasados.
- 7) Canto á data de efectividade do traspaso dos servizos, medios persoais e materiais, non se concreta aínda no borrador do Decreto, aínda que a Admón. Autonómica ten manifestado expresamente a súa vontade de que a mesma se produza a 01.01.2026.

III.2. O Concello de Vigo, a través da Concelleira de Política Social e dos responsables técnicos do Servizo de CEDRO e da Área de Benestar Social, ten participado activamente nos traballos levados a cabo pola Comisión Mixta e manifestado a súa conformidade coa proposta de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada, entre outras, pola UAD – CEDRO, de titularidade municipal.

III.3. En concreto, para o Concello de Vigo, o acordo acadado na Comisión Mixta o 09.10.2025 (Acta do 19.11.2025) implica:

- 1) O traspaso do persoal funcionario de carreira e laboral fixo pertencente a categorías sanitarias adscrito á UAD – CEDRO así como do que reunindo a mesma condición de fixeza pertenza a categorías de persoal non sanitario, sempre que neste último suposto desenvolva, a xornada completa, as tarefas propias do seu vínculo na UAD (Relación adxunta nº 1). Inclúese tamén o traspaso dos postos de traballo vacantes dotados orzamentariamente, con determinacións específicas para o persoal suxeito a procesos de estabilización en curso ou en situación de interinaxe.
- 2) A cesión ó SERGAS do uso gratuito do inmovible de propiedade municipal situado na rúa Pintor Colmeiro n.º 9 desta cidade, no que se atopan as intalacións da UAD – CEDRO (Ref. Catastral n.º 2449616NG2724N0001XB; n.º Inventario 0274) a través da formalización do documento administrativo correspondente e o traspaso do inmovilizado material e inmovilizado intanxible existente na UAD – CEDRO.
- 3) A subrogación ou sucesión subxectiva no contrato do servizo sanitario asistencial de CEDRO formalizado o 11.02.2025 entre o Concello de Vigo e "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A." e con vixencia ata o 28.02.2027 (prórroga en trámite: Exp. n.º 3007/315) e, eventualmente, no contrato dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO, celebrado o 18.10.2023 coa mercantil "SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.", con vixencia inicial ata o 31.10.2026 (Exp. n.º 2926/315).

Constituirase unha comisión paritaria de seguimento, integrada por representantes do Concello e do SERGAS, á que corresponderá a interpretación e solución de cantas dúbidas e cuestións puideran derivarse do acordado, asegurar a continuidade das operacións administrativas, garantir un traspaso ordenado dos servizos e medios e realizar, nun prazo non superior a seis meses, a revisión e modificación das relacións adxuntas no caso de que fose necesario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 6 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse ó Pleno da Corporación (Art. 123.1. j) e k) L.7/1985, do 2 de abril – LRBRL), previo ditame da Comisión informativa de Política Social e Turismo, a aprobación da seguinte.../...»

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Ditame: En data de 4 de decembro de 2025, a Comisión Informativa de Política Social e Turismo ditamina favorablemente dita proposta.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 5 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, presenta voto particular formulando emenda parcial ao ditame que consta no expediente electrónico número 5232/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG:

- Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Abstencións:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezoito (18) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal rexeita o voto particular presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG con data de entrada do 5 de decembro de 2025, que consta no expediente electrónico número 5232/1101.

VOTACIÓN PROPOSTA DITAMINADA:

- Votos a favor:* vinte e tres (23) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 7 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Votos en contra:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións:* Non houbo

ACORDO:

Con vinte e tres (23) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18) mais os dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), e tres (3) votos en contra, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade ó acordo de data 09.10.2025 (Acta do 19.11.2025) da Comisión Mixta de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal, nos termos que se indican na certificación da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade e secretaria da Comisión Mixta do 21.11.2025.

SEGUNDO.- Traspasar á Comunidade Autónoma de Galicia (SERGAS – Consellería de Sanidade) o servizo que, en materia de asistencia sanitaria, viña realizando ata este momento a Unidade Asistencial de Drogodependencias UAD – CEDRO do Concello de Vigo, co persoal e prazas que se inclúen nos correspondentes Anexos.

TERCEIRO.- Prestar conformidade á cesión ó SERGAS, previa formalización do documento administrativo correspondente, do uso gratuito do inmovible de propiedade municipal situado na rúa Pintor Colmeiro n.º 9 desta cidade (Ref. Catastral n.º 2449616NG2724N0001XB; n.º Inventario 0274), no que se atopan as intalacións da UAD – CEDRO e o inmovilizado material e inmovilizado intanxible existente nelas. A cesión será de vinte anos para os mesmos fins públicos desempeñados ata o de agora por esta unidades de drogodependencias. De ser o caso, en tanto non se formalice definitivamente ese documento, o Concello de Vigo comprométese a realizar provisionalmente unha autorización de uso do inmovible.

CUARTO.- Prestar conformidade a subrogación ou sucesión subxectiva no contrato do servizo sanitario asistencial de CEDRO formalizado o 11.02.2025 entre o Concello de Vigo e "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A." e con vixencia ata o 28.02.2027 (prórroga en trámite: Exp. n.º 3007/315) e, eventualmente, no contrato dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO, celebrado o 18.10.2023 coa mercantil "SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.", con vixencia inicial ata o 31.10.2026 (Exp. n.º 2926/315).

QUINTO.- Aprobar os seguintes ANEXOS: Anexo I: PERSOAL A TRASPASAR; Anexo II: POSTOS DE TRABALLO VACANTES A TRASPASAR; Anexo III: BENS INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE; Anexo IV: CONTRATOS FORMALIZADOS POLO CONCELLO; Anexo V: INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE.

QUINTO.- Remitir este acordo plenario e os seus Anexos ó SERGAS e á FEGAMP».

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario 10 de decembro
Legislatura : Mandato 2023-2027



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 8 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Órgano : Pleno
Fecha Inicio: Miércoles, 10 de Diciembre de 2025 10:06:25
Fecha Fin : Miércoles, 10 de Diciembre de 2025 10:25:35
Duración : 00:19:10

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=36141

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 257 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/7vHfw7CAi3tXyRXsNH7hk431YNCAluwCR9aUpUp8AyBexJQF.wmv>

SHA512 - af6b7fadfde4c2c8f44337479973063c279ec5cac422e1e2d7aeeea1273db03ffaebce006f561e8a5b7a3f823ea45e46306daa26c01edf30c6cdd83181cb9391

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:14 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:30 : UNICO.- INTEGRACIÓN DA UAD CEDRO DO CONCELLO DE VIGO NO SERGAS. EXPTE. 3065/315 (EXPTE. PLEN05228/1101).
00:00:55 - Aguiar Castro, Yolanda
00:05:22 - Caballero Álvarez, Abel
00:05:31 - Pérez Iglesias, Xabier
00:10:36 - Caballero Álvarez, Abel
00:10:39 - Gonzalez Abeijón, Fernando
00:14:19 - Caballero Álvarez, Abel
00:14:26 - Aguiar Castro, Yolanda
00:14:36 - Aguiar Castro, Yolanda
00:17:26 - Caballero Álvarez, Abel
00:17:40 - Votación [10:24:05]
00:18:12 - Votación [10:24:38]
00:19:10 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos (10:25) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 9 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 21/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:14	Páxina 10 de 10
5250-1101	CSV: A7AED7-84D52E-A451E7-9R86F1-UAHP8L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		